

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.– Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.– Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Común” entre os números C1 e C12, da “FOLLA DE RESPOSTAS”.
- 3.– O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.– Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.– Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na “FOLLA DE RESPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.– Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.– A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.– En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.– Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a “FOLLA DE RESPOSTAS” no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, establece que a atención especializada caracterízase por:

- A) A verificación do cumprimento dos estándares sanitarios definidos.
- B) Un enfoque global e integrado da atención da saúde.
- C) A medición do nivel de saúde da poboación e a identificación dos problemas e riscos da saúde.
- D) Unha alta intensidade dos cuidados requiridos.

2. Segundo a Lei 3/2001, do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal dos seguintes informes NON ha de ser conservado?

- A) Follas de petición de interconsulta.
- B) Informes de exploracións complementarias.
- C) Follas de evolución e de planificación de cuidados de enfermaría.
- D) Informes de anestesia.

3. Conforme ao Decreto 206/2005, de selección e provisión de prazas do Servizo Galego de Saúde, sinala cal é un requisito, para o persoal en activo, para ser admitido nun concurso de traslados:

- A) Tomar posesión da praza desempeñada 2 anos antes, como mínimo, á data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- B) Tomar posesión da praza desempeñada 6 meses antes, como mínimo, á data de inicio do prazo de presentación de instancias.
- C) Tomar posesión da praza desempeñada 2 anos antes, como mínimo, á data de inicio do prazo de presentación de instancias.
- D) Tomar posesión da praza desempeñada 1 ano antes, como mínimo, á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

4. O posto de coordinador de técnicos, segundo o artigo 45 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, será provisto polo procedemento de:

- A) Defensa pública dun proxecto ou entrevista relacionados coa xestión da unidade.
- B) Concurso de méritos.
- C) Defensa pública dun proxecto ou entrevista relacionados coa xestión da unidade e valoración dun concurso de méritos.
- D) Libre designación.

5. Aos efectos da Lei 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, entenderase por responsable do ficheiro ou tratamento:

- A) O representante público que decide sobre o uso do ficheiro.
- B) A persoa física ou xurídica, de natureza pública ou privada, ou órgano administrativo, que decida sobre a finalidade, contido e uso do tratamento.
- C) O órgano administrativo que custodia os datos.
- D) A persoa física titular dos datos que sexan obxecto de tratamento.

6. Segundo o artigo 51 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre o fin dunha xornada e o comezo da seguinte de:

- A) 12 horas.
- B) 8 horas.
- C) 10 horas.
- D) 18 horas.

7. Segundo o artigo 11 da Lei Xeral de Sanidade, cal das seguintes é unha obrigaón dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario?

- A) Elixir o médico e demais titulados sanitarios.
- B) Participar a través das institucións comunitarias nas actividades sanitarias.
- C) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- D) Obter os medicamentos e produtos sanitarios que se consideren necesarios para promover, conservar ou restablecer a súa saúde.

8. Segundo o artigo 5 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo a:

- A) O nivel do título esixido para o ingreso.
- B) O tipo de nomeamento.
- C) A función desenvolvida.
- D) Todas as respostas son correctas.

9. A Lei 8/2008 de Saúde de Galicia establece que, dentro das súas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria:

- A) O titular da Consellería de Sanidade.
- B) Os Alcaldes.
- C) O Consello da Xunta.
- D) Todas as respostas son correctas.

10. Conforme á Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, constituirase un Comité de Seguridade e Saúde en todas as empresas que contén con:

- A) 25 ou máis traballadores.
- B) 50 ou máis traballadores.
- C) 75 ou máis traballadores.
- D) 100 ou máis traballadores.

Preguntas de reserva

1. Conforme á Lei 3/2001, do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, os datos relativos ao proceso nunha historia clínica deben incluír polo menos:

- A) Ordes médicas.
- B) Folla de evolución e de planificación de coidados de enfermaría.
- C) Informe sobre os procedementos diagnósticos ou terapéuticos e interconsultas realizadas.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. De conformidade co previsto na Lei 55/2003, do Estatuto Marco, cal dos seguintes complementos retributivos está destinado a remunerar o nivel do posto que se desempeña?

- A) Complemento específico.
- B) Complemento de carreira.
- C) Complemento de destino
- D) Complemento de produtividade.